

VACÚN DE CARNE. A treboada que vén para un sector gandeiro clave na Galiza ▶ 7

MINARÍA. A Xunta muda de criterio para apoiar a extracción de seixo en Xanceda ▶ 10



LEITE Encontro do SLG coa presidenta da Inlac
O debate sobre os prezos do leite segue a ser materia pendente na axenda da Inlac ▶ 3 a 5 e 16

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLV - N° 327 - Xullo-Agosto 2019

O III FESTIVAL SON LABREG@ REFORZA A APOSTA DO SLG POR UN MONTE DIVERSO



Unha semana clave de mobilizacións para enfrontar o estado de emerxencia climática na Galiza e no mundo ▶ 11

MULLERES Segunda edición de Espadela, as escolas de apoderamento de mulleres do rural organizadas pola Cooperativa Arabías ▶ 12

Co remate do verán, o Sindicato Labrego Galego festivo implicado en varias actividades e accións que tiveron como telón de fondo a defensa dun monte diverso e multifuncional no que as mulleres deben recuperar o protagonismo que sempre tiveron na súa xestión: O III Festival Son Labreg@ baixo o lema *Ecofeminismo e monte veciñal*, a publicación do libro *Árbores que non arden: As mulleres na prevención dos incendios forestais* ou o traballo na plataforma Por un monte galego con futuro, que denunciou as desastrosas políticas forestais e de prevención dos lumes da Xunta de Galicia. ▶ 6, 12 e 13

20 de outubro: Manifestación en Santiago en defensa do futuro dos nosos montes



A plataforma Por un monte galego con futuro, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, anunciou a convocatoria dunha manifestación en Santiago de Compostela, o 20 de outubro, para esixir un cambio de modelo nas políticas forestais. Infórmate sobre os detalles na túa oficina do SLG.

Non digas “cambio climático”: chámalle emerxencia climática porque a é

Este Fouce imprimiuse en vésperas do 27 de setembro, data dunha mobilización global en todo o planeta para esixir dos gobernos o recoñecemento de que nos atopamos diante dunha crise de emerxencia climática e o compromiso con políticas que minimicen a emisión de gases con efecto invernadoiro á atmosfera. Trátase de evitar que a temperatura global siga subindo como até agora e de non chegar a un punto de non retorno no que a catástrofe sería irreversible.

E cando falamos de catástrofe, non esaxeramos. Non se trata dunha cuestión de fe, senón de feitos científicos constatados.

Segundo un informe de Greenpeace, España é o país máis vulnerable de Europa ao cambio climático. De feito, nos últimos 30 anos aumentou a temperatura en 1'5º e os anos máis calorosos rexistrados no Estado Español concéntranse na última década: 2011, 2015 e 2017.

Este aumento das temperaturas ten efectos que baten directamente nas nosas vidas. Un deles é o aumento progresivo do nivel do mar. En 2018, o nivel medio do mar a escala mundial, debido sobre todo á desaparición progresiva dos casquetes polares, aumentou en 3'7 mm con respecto a 2017.

Nas costas atlántica e cantábrica, este nivel subiu entre 3 e 6 mm por ano. No manifesto do Movemento Galego polo Clima din que “o crecemento do nivel do mar asociado a este fenómeno fará que parte das cidades de A Coruña, Vigo, Ferrol e Pontevedra fiquen inundadas de xeito permanente pola auga do mar. Outro tanto vai suceder coa maioría das vilas (Betanzos, Cambados, Vilagarcía de Arousa, Cangas, ...) no litoral galego”. Ademais, o aumento das temperaturas está a provocar invasións que xa impactan nas nosas vidas como a avespa velutina.

Outro feito a ter en conta será que as secas van ser cada vez máis severas, tal e como vaticina un informe da UE (ver páxina 11 deste Fouce). Greenpeace estima que as zonas áridas, semiáridas e subhúmidas secas de España chegarán a 37'4 millóns de hectáreas, o 75% do territorio.

A crise climática tamén derivará en feitos como a sexta extinción masiva de vexetais e animais na historia da Terra ou o desprazamento de millóns de persoas por crises climáticas: dende 1998, víronse afectadas por crises relacionadas co quecemento 4.500 millóns de persoas. Só en 2018, a maioría dos perigos naturais que afectaron a case 62 millóns de persoas estiveron asociados a fenómenos meteorolóxicos extremos, especialmente inundacións, que afectaron a 35 millóns de persoas.

O problema para afrontar esta crise é que vén provocada polo propio sistema económico de crecemento sen límites e de consumo masivo de recursos, especialmente de combustíbeis fósiles como o carbón ou os derivados do petróleo, pero tamén minerais. Iso quere dicir que debemos mudar radicalmente o sistema.

Que podemos facer? Para empezar, os gobernos deben asumir que non se pode seguir co ritmo de crecemento, consumo irracional de recursos e contaminación actuais. Por exemplo, centrais térmicas como a das Pontes, que produce o 25% do CO₂ da Galiza e é a que máis emite de España, deberían pechar. Ao mesmo tempo, habería que se apostar pola redución do consumo enerxético e a produción de enerxía limpa.

O modelo alimentario tamén ten un importante papel contaminante debido aos sistemas de produción industrial e ao transporte dos produtos a miles de quilómetros. Os gobernos deberían potenciar as

produccións alimentarias e o seu consumo de maneira local para evitar o gasto inútil de carburantes. Isto implica, ademais, deixar de asinar acordos de libre comercio con países a miles de quilómetros dos que importamos alimentos que se poderían producir perfectamente aquí. De pouco nos servirá pechar centrais térmicas, se seguimos importando e exportando masivamente producións agrarias e insumos.

A nivel persoal, apostar por modelos produtivos ecolóxicos ou en extensivo, que dependan o menos posible dos derivados do petróleo (carburantes, fertilizantes...) e doutros insumos externos coma os cereais e as leguminosas importados para a alimentación animal. Cómpre pensar que alimentar o gando con concentrados feitos en base a soia e millo de América ten implicacións moi fortes no quecemento global: deforestación da Amazonía, utilización intensiva de maquinaria agrícola e de agrotóxicos, transporte a miles de quilómetros, etc. Ademais, os modelos intensivos fannos extremadamente dependentes e vulnerables diante das crises (aumento de prezos dos insumos, dubidosa dispoñibilidade no futuro polo esgotamento do petróleo, etc.).

Os tempos que veñen non pintan ben para miles de millóns de persoas no mundo. Os labregos e labregas seremos unha das comunidades máis afectadas, pero tamén das máis importantes nunha situación de crise na que a humanidade terá que seguir alimentándose. Cómpre irnos convencendo de que esta non é unha crise máis. A situación actual de emerxencia climática suporá un antes e un despois na historia da humanidade e da actual civilización. De nós e só de nós, os seres humanos, depende que ese cambio sexa unha ruptura catastrófica ou unha transición ordenada.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Ana Eiras, Isabel Vilalba Seivane e Margarida Prieto Ledo

PECHE DE EDICIÓN 21-09-2019

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

LEITE ▶ A presidenta da Interprofesional Láctea, Charo Arredondo, tivo unha xuntanza de traballo coa Dirección do Leite e a afiliación do Sindicato Labrego en Compostela

O debate sobre os prezos do leite segue a ser a materia pendente da Inlac

No encontro tamén participou o investigador do CIAM, Juan Castro, que analizou a nova obriga de enterrar os xurros

Na última xuntanza da Dirección do Leite do Sindicato Labrego Galego contamos con dúas persoas invitadas de excepción: a actual presidenta da Interprofesional Láctea (Inlac), Charo Arredondo; e o técnico do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), Juan Castro.

Entre o máis destacable que compartiu con nós a gandeira cántabra da COAG que ocupa a presidencia da Inlac estaría o anuncio de que, cara ao outono, tentará reunir os axentes do sector para falar dos baixos prezos que estamos a sufrir algunhas das principais produtoras de leite do Estado como Galiza ou Cantabria. *“O sector gandeiro que está termando do rural é o vacún de leite, xa que a actividade nos obriga a vivir a carón da granxa”,* explicou. *“Por iso quero sentar todos os axentes do sector para falar de como distribuír a cadea de valor, comezando de abaixo a arriba, garantindo que como mínimo se cubran os custes de produción. Sempre con tino, pois non podemos falar de prezos sen que nos veña enriba o Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Pero igual de ilegal é pactar prezos que vender por baixo dos custes de produción, así que haberá que falalo. É a única maneira de atopar solucións: xuntarnos todas a falar e obrar en consecuencia. Que cadaquén poña a marxe de beneficios que estime necesaria, pero sempre partindo de que a actividade gandeira sexa remunerada dignamente, aínda*



Medio cento de gandeiros e gandeiras asistiron á última xuntanza da Dirección Nacional do Leite do SLG

que suba o prezo final”.

Para Arredondo, non serve de nada debater interminable-

mente sobre este tema se non se acordan solucións para atallalo. De todo isto e moito máis fala-

mos nunha entrevista que lle fixemos e que publicamos na contraportada deste mesmo nú-

“Tras probar os inxectores de xurro no CIAM, non os recomendamos”

Pola súa banda, Juan Castro centrou a súa intervención na normativa que obriga ás granxas de vacún a enterrar os xurros para reducir as emisións de amoníaco á atmosfera. *“Dun día para outro sacaron a obriga de enterrar os xurros ou, cando menos, de prohibir os esparexedores en prato por aspersión, que é o método tradicional en zonas de relevo difícil, como Galiza e a Cornixa Cantábrica. Escolleron esta opción cando había boas prácticas igualmente válidas como enterrar o xurro cunha grade de discos -máis eficiente có inxector-, formación de costra na foxa de xurro para reducir as emisións ou botalo cando orballa, como fan en Inglaterra. Coma sempre, en vez de buscar as solucións máis racionais se opta por obrigir a investir en máis maquinaria. No CIAM mercamos dous tipos de inxectores de xurros e, tras testalos, non os recomendamos”.*

✓ Galiza pagará polos pratos rotos de Castela e León, Cataluña e Aragón

A falta de datos do Ministerio de Agricultura, Juan Castro realizou un estudo no que se cuantificaba quen está a causar realmente as emisións de amoníaco á atmosfera no Estado, e o resultado foi que, con datos de 2017, *“o porcino intensivo sería o responsable do 43'9% de todas as emisións de amoníaco de España. Os fertilizantes nitroxenados estarían en segundo lugar, co 20'1%. En vacún, os datos veñen en conxunto, mesturando vacas nutrices con cebadeiros, e non se producen as mesmas emisións nun sector que no outro. Así e todo, estaríamos a falar dun 17'2% das emisións no vacún de carne, mentres que o vacún de leite non chega ao 10%”.* Por comunidades, serían Castela e León, Aragón e Cataluña as máis contaminantes pola industria porcina. **SEGUE ▶**

A Xunta non alegou contra unha obriga que fará as nosas granxas menos competitivas

As granxas que, precisamente, deberán mercar inxectores de xurro para cumprir coa condicionalidade da PAC, son as que menos contaminan, xa que practican unha gandería con terra que é a que ten dereito a estas axudas. “Nós, no CIAM, cos medios que tiñamos, só puidemos alegar polo vacún de leite, xa que había un informe feito para toda a Cornixa Cantábrica e tiñamos datos. Pero non había estudos do vacún de carne. Chamaron dende Madrid para saber se íamos facer alegacións dende Galiza e non se fixo ningunha alegación. E, así, metéronse no mesmo paquete e co mesmo coeficiente de contaminación os cebadeiros industriais e as vacas nutrices, responsabilizando ao sector do vacún de carne do 17'2% das emisións”.

Castro queixouse de que nos queren convencer de que “as vacas que se alimentan con penso producen menos emisións de CO₂ ou amoníaco e son menos contaminantes que as que se alimentan con herba. E isto non é normal, a min non me colle na cabeza por moito que o digan no Ministerio de Agricultura ou no Panel do Cambio Climático. Eu negueime a aceptar o estudo que dicía que as vacas que se alimentan con herba producen máis emisións que as que consumen penso. De onde vén a soia coa que se fai o penso? Acaso os países do Mercosur que nos venden a soia, como Brasil, non están a deforestar a Amazonia para plantala? Cantos gases contaminantes se emiten á atmosfera no transporte desa soia a Europa?”, matizou. “Se computamos o CO₂ que produce o cultivo e transporte da soia que consume o noso gando en intensivo, España situaríase entre os países do mundo que máis están a contribuír á deforestación da Amazonia, tras China e Brasil. Daquela, debemos computar o CO₂ que produce a soia que consumimos? Obviamente si, pois a atmosfera é global e non entende de fronteiri-



A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, abriu a xornada e presentou a Charo Arredondo e a Juan Castro

ras. O que pasa é que a UE é hipócrita e non computa este impacto da gandería intensiva. Non pode-

mos ir de boa xente plantando aquí eucaliptos para fixar carbono e traendo a soia de cultivos

que se fixeron deforestando a Amazonia, ou de Arxentina, a costa dos bosques de El Chaco”.

A solución ás emisións de amoníaco pasa por extensificar a gandería

Para Juan Castro, “se os poderes públicos queren realmente reducir as emisións de CO₂ e amoníaco da gandería deberían fomentar a extensificación da produción en base á terra. Unha granxa intensiva de porcino non produce ningunha externalidade positiva, só depreda bens públicos como a auga, a paisaxe, emite malos olores, contamina o aire. Pero unha granxa de leite extensiva produce paisaxe, biodiversidade, etc. Por iso é intolerable que se poña ao mesmo nivel a gandería extensiva que os modelos intensivos. Se realmente queren atallar o problema”, explica o investigador do CIAM, “deberían empezar por regular o porcino e a avicultura intensivas e os fertilizantes. Téñase en conta que cando se aprobou esta medida, Isabel García Tejerina era responsábel de Agricultura e de Medio Ambiente, pero antes fora alta executiva de Fertiberia, a maior produtora de

Europa de fertilizantes e de amoníaco, a onde retornou ao deixar a política. Como podemos agardar que lle meta man aos fertilizantes, causantes do 20% das emisións de amoníaco?”

O investigador do Centro de Investigacións Agrarias explicou que denunciaron todo isto ante a Unión Europea, xa que se introducía na PAC unha obriga que non procede. “Meteron á forza como boa práctica a inxección de xurros no apartado de protección da materia orgánica e do solo. Pero cando se inxectan os xurros, a erosión é maior. Europa non nos obriga a inxectar os xurros, obríganos dende os despachos do Ministerio de Agricultura, poñendo máis atrancos ás nosas producións e facéndoas menos competitivas respecto das granxas dos países europeos que non teñen que apandar con estas obrigas inútiles”.

SEGUE ►

Padecemos unha PAC deseñada para o Mediterráneo e o sur do Estado

Na xuntanza de traballo con Charo Arredondo e Juan Castro xurdiron, a maiores, outros temas, como as deficiencias do asesoramento agrario na Galiza ou as fallas dunha Política Agraria Común (PAC) que podería ser moito mellor do que é para Galiza e a Cornixa Cantábrica, pero que segue adolecendo de ser deseñada por funcionarios do Ministerio de Agricultura que proceden e defenden os intereses do sur e da franxa mediterránea.

■ **ASESORAMENTO:** O tema do desmantelamento das oficinas agrarias comarcais (OACs) xurdiu porque agora, o asesoramento técnico está en mans de empresas privadas e mesmo de comerciais de industrias de insumos e maquinaria. Isabel Vilalba dixo que o SLG leva anos demandando a dotación das OACs de persoal técnico preparado e independente para asesorar o agro. “Defendemos que, do mesmo xeito que se fai noutras comunidades, aquí se destinasen fondos europeos a reforzar este asesoramento, pero na Galiza había uns intereses enormes en non facelo. Negáronse a ampliar o persoal público neste eido e deixaron que se apropiasen de sa función empresas privadas”.

■ **PAC:** Todas as persoas que participaron coincidiron en destacar que a PAC é moi flexible e que se pode adaptar á realidade de cada zona da Unión Europea, á súa paisaxe e á súa climatoloxía.

O problema é que a PAC de España redáctase en despachos, moitas veces por persoal técnico ou político do sur ou da costa mediterránea, “e nós non nos parecemos en nada ao sur de España, máis ben temos máis semellanzas con Irlanda ou a Bretaña”. Respecto disto, Juan Castro afirmou que “debemos partir de medidas adaptadas á Cornixa Cantábrica e Galiza, pero hai nula sensibilidade en Madrid cara aos principais sectores agrogandeiros do norte, en espe-

cial cara ao vacún en extensivo de pequenas granxas familiares”.

Neste senso, Charo Arredondo explicou que a ela mesma, como gandeira, as industrias que lle recollen -a Cooperativa Agrocantabria para Iparlat, que envasa para Mercadona- queren impoñer a recollida de leite diaria, que en zonas montañosas e con granxas dispersas como a súa, onde vén o camión cisterna cada dous días, non é viable. “Quen vai pagar o incremento de gasto en transporte? Pois as granxas a través dos prezos. Eu reuníme cos de Mercadona en Madrid para explicarllelo, pois non é viable nin mellora a calidade do leite a recollida diaria con respecto a recoller cada dous días. Por que acontece todo isto? Teño a miña teoría. Covap (Sociedad Cooperativa Andaluza Ganadera del Valle de los Pedroches) tamén fornece Mercadona, apostando por un modelo intensivo con vacas que producen 40 litros diarios, sen pastoreo, con alimentación importada. Con esa produción e cada vez medrando máis, non teñen tanques de leite suficientes e están na obriga de baleirar cada día. Por iso inventan que a recollida diaria é mellor”.

Ligando isto ao asesoramento, “a PAC non impide que o asesoramento sexa público. Aquí tentáronnos convencer de que a PAC non o permitía, e que o asesoramento privado era obrigatorio para acceder ás axudas agroambientais, pero iso é falso. Perdemos unha oportunidade, xa que cos fondos europeos das axudas agroambientais puidemos ter dado unha viraxe cara a modelos máis extensivos e respetuosos co medio ambiente, cara á mellora na calidade do leite, etc”, explicou Ana Rodríguez, técnica especialista na PAC do Sindicato Labrego Galego.

■ **CERTIFICACIÓN DO LEITE ECOLÓXICO E DE PASTOREO:** Ante as queixas sobre as garantías de saber se un leite é realmente ecolóxico ou de pastoreo, Juan Castro revelou que, dende o CIAM, crearon un método de análise sinxelo. “Tratábase dun proxecto no que estaba interesado o Laboratorio Interprofesional Lácteo de Galiza (Ligal). Así que levamos o proxecto a Madrid, pero rexeitárono dicindo que tiña nulo interese para o sector. A pregunta que deberíamos facernos é: A quen non lle interesaba que isto fose para adiante? Obviamente, ás empresas”. **FIN** ■



AGROECOLOXÍA ▶ En base a un amplo informe

A FAO aposta por virar o sistema alimentario e agrícola mundial cara á agroecoloxía

A Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) vén de publicar un informe no que defende unha viraxe cara a agroecoloxía a nivel mundial como alternativa ao actual sistema agrogandeiro e alimentario que é totalmente insostible.

Así, nun informe que se titula *Enfoques agroecolóxicos e outros enfoques innovadores en favor da sostibilidade da agricultura e dos sistemas alimentarios que melloran a seguridade alimentaria e a nutrición*, deféndese situar a agroecoloxía no centro con prácticas como a redución do uso de combustibles fósiles e agroquímicos, facer os sistemas alimentarios máis locais, a defensa da biodiversidade, etc.

En total, o Grupo de expertos e expertas de alto nivel do Comité de Seguridade Alimentaria Mundial que elaborou o documento establece trece principios nos que se debería basear o cambio de rumbo cara á agroecoloxía: a reciclaxe, a redución do uso de insumos, a saúde do solo, a saúde e benestar dos animais, a biodiversidade, a sinerxia, a diversificación económica, a creación conxunta de coñecementos (incluídos o local e a ciencia mundial), os valores sociais e hábitos alimentarios, a equidade, a conectividade, a gobernanza da terra e dos recursos naturais e a participación.

Porén, a tendencia do sistema alimentario dominante vai por outro camiño, como demostra o feito de que menos do 5% do que se invisten en investigación agrícola vai dirixido a avanzar en agroecoloxía. En 2009, gastáronse 30.000 millóns de euros en investigación agraria, pero só centrada nuns poucos cultivos, a maioría cereais.

MONTES ▶ A plataforma “Por un monte galego con futuro” denunciou, ademais, que o groso dos orzamentos para controlar incendios van para exército e medios aéreos

A desidia da Xunta bloqueou os traballos de prevención de lumes até fin de agosto

As brigadas municipais contra incendios non comezaron a estar operativas até ben entrado o mes de setembro

A Plataforma “Por un monte galego con futuro” compareceu, o 19 de setembro, en rolda de prensa para denunciar, tras o verán, o incumprimento total de boa parte das medidas do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais en Galiza (Pladiga) e das desastrosas políticas forestais da Xunta. Por parte do SLG, falou o noso coordinador da área de Montes, Diego Sánchez Agra.

Un ano máis, as circunstancias climáticas do verán, con ceos habitualmente anubrados e choivas, foron as grandes aliadas da Xunta para evitar unha nova vaga de incendios que, lamentablemente, estoupou en setembro cando se deron as circunstancias propicias.

En concreto, denunciámos que a Xunta non fixo o mantemento das estruturas de defensa contra os lumes (cortalumes, devasas, faixas auxiliares, etc.) nos montes de xestión propia e nos conveniados.

Ademais, na orde de axudas para prevención de incendios en montes veciñais en man común e sociedades de fomento forestal, Medio Rural resolveu no último día de prazo e a notificación foi publicada no DOG 21 días despois, o 15 de xullo. Isto provocou que non se recibisen até finais de agosto as comunicacións para iniciar os traballos de prevención, tendo de prazo para a execución dos mesmos até o 31 de outubro.

Por outra banda, nas últimas semanas de agosto aínda se estaban a publicar nos boletíns



Diego Sánchez Agra, terceiro pola esquerda na imaxe, na comparecencia diante dos medios de comunicación da plataforma “Por un monte galego con futuro”

provinciais as convocatorias de selección de persoal para as brigadas municipais que, polo tanto, non estarían operativas ata ben entrado setembro.

✓ O groso dos cartos para medios aéreos e o exército

Onde realmente inviste a Consellería de Medio Rural o orzamento destinado a preven-

ción e defensa contra incendios forestais é nos contratos dos medios aéreos con grandes empresas que fan negocio co lume e no convenio co exército. E isto faise a costa de manter as brigadas nunha situación moito máis precaria, tanto en recoñecemento profesional como en nivel salarial, en medios humanos e en medios materiais e de prevención de riscos. E iso a pesar de que son, precisamente as brigadas, as que están en primeira liña e as que se xogan a vida apagando os lumes.

En definitiva, a Xunta segue sen prestarlle atención algunha á prevención e, cando o fai, faíno tarde, mal e arrastro, queimando o groso dos orzamentos en labores de extinción e, sobre todo na utilización de medios aéreos privados.

A xestión desastrosa do nematodo do piñeiro fomenta a súa expansión

No tocante á xestión de pragas, un caso demostra a desastrosa xestión da Xunta: o nematodo do piñeiro. Despois da súa entrada en Galicia, no sur da provincia de Pontevedra, e de ter que declarar a zona en corentena -coa obriga de retirar toda a madeira afectada-, xa en 2016 a Unión Europea cuestionou as medidas de seguimento, control e trampeo implantadas pola Xunta.

O pasado mes de agosto foi detido en Ourense un empresario por cortar miles de toneladas de madeira na zona demarcada, que foron vendidas a diversos puntos de Galicia e do Estado, espallando a praga por un territorio moi amplo. Aínda que a persoa detida é a responsable das “trampas” que fixo para facer as cortas, isto non tería acontecido se os protocolos de control estivesen ben deseñados e implementados sobre o terreo.

A Xunta non está a usar as súas ferramentas e os controis recaen maioritariamente na Policía e Garda Civil, sen apoio do corpo de Axentes Forestais. Tamén é sabido o continuo intercambio de madeira con Portugal sen control a través das pistas forestais que comunican ambas rexións.

✓ Nin caso ás organizacións sectoriais

Nas últimas xuntanzas do Consello Forestal de Galicia, o conselleiro do Medio Rural non escoitou as propostas en materia forestal que realizaban as organizacións presentes, aludindo sempre aos ditames da Comisión Parlamentaria sobre os Lumes como únicas propostas a ter en conta para o desenvolvemento dos programas e accións en materia de montes.

Agora resulta que o Grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre Incendios Forestais vén de publicar un documento de respostas ás cuestións recollidas no ditame desta comisión parlamentaria, o que significa que sete persoas escollidas polos grupos parlamentarios serán as que marquen a política forestal a aplicar nos vindeiros anos para os montes de Galicia.

Diante disto, unha vez máis temos que denunciar a escasa participación cidadá, a través das organizacións sociais e sectoriais, na elaboración das políticas nacionais, incumprindo tódalas directrices europeas ao respecto.

VACÚN DE CARNE ▶ A apertura do mercado común á carne de Canadá, Mercosur e Estados Unidos, unida á ameaza dun Brexit duro, trazan un panorama preocupante

Unha treboada perfecta asombra o sector da carne de vacún na Unión Europea

En total, prevese a entrada 209.000 toneladas libres de aranceis ou con taxas moi baixas que poderían afundir os nosos mercados

No anterior Fouce xa informabamos da negociación dun tratado de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur (Arxentina, Brasil, Uruguai, Paraguai e Venezuela). Xa daquela advertiamos que este acordo comercial resultará catastrófico para Galiza, especialmente para o medio rural, se realmente se acaba asinando. Sectores estratégicos para a nosa economía agraria como o da carne de vacún resultarían arrasados.

As cifras así o indican. O acordo no sector da carne de vacún permitirá a entrada na UE de 99.000 toneladas de carne en canal equivalentes a 2 millóns de vacas nutrices. Isto supón máis do número total de cabezas de gando de Bélxica, Bulgaria, Dinamarca, Estonia, Grecia, Croacia, Chipre, Letonia, Luxemburgo, Hungría, Malta, Eslovenia, Eslovaquia, Lituania, Finlandia e Suecia xuntas.

Por se non abundase, a isto habería que engadirlle as 65.000 toneladas de carne de vacún que se permitirá importar sen aranceis en virtude do CETA, o acordo comercial con Canadá ratificado por España en 2017.

Para empeorar as cousas, en agosto coñeciamos que, por presións da Organización Mundial do Comercio (OMC), a Unión Europea accederá a abrir o seu mercado a un continxente de 45.000 toneladas de carne de vacún libre de hormonas doutros países, das cales 35.000 serán de Estados Unidos. Este último acordo mantívose oculto



Carne de tenreira certificada nun supermercado estadounidense

até ser aprobado, de maneira que o sector non soubo nada das negociacións entre Estados Unidos e a UE, que se desenvolveron dende o 19 de outubro de 2018 até o 27 de febreiro de 2019, até que estas foron un feito consumado.

En total, a Unión Europea acabaría abrindo o seu mercado a 209.000 toneladas de carne de vacún a moi baixo prezo que poderían afundir os nosos mercados e arruinar as nosas granxas.

A maiores, por se non abundase co devandito, temos unha

nova ameaza para o sector: en caso de producirse un Brexit duro en outubro, coa saída polas bravas do Reino Unido da Unión Europea, esta perdería un dos principais consumidores de carne bovina do mercado común, o que levaría a unha saturación do mercado tamén negativa para os prezos.

✓ Importancia esencial da carne de vacún no rural galego

O sector máis estendido e de maior implantación no noso medio rural é o da carne de vacún: 20.919 granxas na Galiza segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2018. Cómpre salientar que este tipo de granxa é o único existente en amplas zonas do noso territorio, especialmente na montaña, onde non son posibles outro tipo de producións gandeiras; e que o modelo produtivo que representan é o máis sostible, en base a pastoreo de praderías naturais.

Coma sempre, a clase política abandona as granxas á súa sorte

Grazas a deixar vendidos sectores agrogandeiros enteiros, beneficiáranse da apertura de fronteiras de Mercosur a industria automobilística de Centroeuropa ou multinacionais do sector da alimentación con capacidade loxística e capital para exportar produtos como viño, pexegos e tomates en conserva, aceite de oliva, porcino, patacas conxeladas ou algunhas froitas frescas. A industria automobilística tamén foi determinante á hora de permitir a entrada de 35.000 toneladas de vacún estadounidense, xa que o país gobernado por Trump ameazou con subir os aranceis aos coches europeos se non cedían.

Para o Sindicato Labrego Galego resulta indignante que o ministro de Agricultura, Luís Planas, considere positivo un acordo como o de Mercosur, que resultará catastrófico para sectores esenciais

da nosa agricultura na Galiza, e tamén no resto do Estado; da mesma maneira que resulta incomprendible que o conselleiro de Medio Rural, José González, non se pronuncie sobre unha ameaza sobre o principal sector gandeiro da nosa terra.

Para o SLG, calquera acordo comercial debe garantir a integridade dos sectores produtivos de cada país. Hai que acabar con este tipo de acordos baseados nunha competitividade que só poden exercer grandes multinacionais con potencial suficiente para exportar, que deixan fóra de xogo as pequenas e medianas empresas e as granxas incapaces de competir a ese nivel. Os acordos comerciais deben basearse na cooperación, nun intercambio de bens que os países receptores non teñan capacidade para producir e sen danar as súas estruturas produtivas e de comercialización.

OS SEGUROS PARA O GANDO

Por **Ana Eiras**,
técnica de seguros
do SLG



A actividade agrogandeira é, dentro das diversas actividades labregas, a máis propensa a sufrir perdas por condicións climatolóxicas adversas e enfermidades. Unha boa capacidade de anticipación pode axudarnos a evitar algúns riscos que poden poñer en perigo a viabilidade do noso medio de vida.

Os seguros agrarios son os mecanismos que temos para reparar danos extraordinarios por diversas causas. Todos eles contan con subvencións da Entidade Nacional de Seguros Agrarios (Enesa) e da comunidade autónoma, coa opción de fraccionar o pago co aval da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (Saeca).


Na actualidade, no Estado Español temos un sistema de seguro agrario combinado no que podemos distinguir: seguros de gando, seguros agrícolas, seguros forestais e seguros acuícolas.

Nesta publrreportaxe, imos centrarnos nos seguros para o gando.

LEMBRA QUE NO SINDICATO LABREGO GALEGO PODEMOS TRAMITARCHE O SEGURO COA COBERTURA QUE MÁIS LLE CONVEÑA Á TÚA GRANXA

Infórmate en calquera das nosas oficinas bit.ly/enderezosSLG

Liña 401: Seguro para explotación de gando vacún de produción e reprodución



Garantía básica:

- ✓ Perda de calidade por saneamento.
- ✓ Febre Aftosa e Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB).
- ✓ Adversidades climáticas, incendio e derrube de instalacións.
- ✓ Ataque de animais.
- ✓ Mortalidade masiva.

Garantías adicionales: (Contratación opcional)

- ✓ Accidentes individuais.
- ✓ Parto.
- ✓ Morte de crías.

- ✓ Mamite ou brote de mamite.
- ✓ Determinadas enfermidades.
- ✓ Síndrome respiratorio.
- ✓ Meteorismo agudo.
- ✓ Carbunco.
- ✓ Morte súbita.
- ✓ Diminución da produtividade.
- ✓ Perda de calidade do leite.
- ✓ Mortalidade por diversas causas.
- ✓ Ampliación da cobertura de saneamento.
- ✓ Privación de acceso a pasteiros por saneamento.

Liña 404: Seguro para explotación de gando ovino e caprino



Garantía básica:

- a) Para explotacións de reprodución
- ✓ Accidentes climáticos.
 - ✓ Incendio. ✓ Electrocución.
 - ✓ Estrangulamento. ✓ Afogamento.
 - ✓ Atropelo. ✓ Despenamento.
 - ✓ Amoreamentos. ✓ Derrube.
 - ✓ Ataque de animais. ✓ Asfixia.
 - ✓ Intoxicación aguda.
 - ✓ Meteorismo.
 - ✓ Sacrificio obrigatorio por mal das ovellas tolas (*tembladera, scrappie*) para explotacións lácteas ou puras.
 - ✓ Febre Aftosa.
 - ✓ Mortalidade masiva reprodutores.

b) Para cebadeiros ou centros de tipificación

- ✓ Febre Aftosa.
- ✓ Morte masiva de crías.

Garantías adicionales: (Contratación opcional)

- ✓ Saneamento gandeiro por brucelose (*Melitensis*).
- ✓ Saneamento gandeiro por tuberculose caprina.
- ✓ Privación de acceso a pastos
- ✓ Compensación polos prexuízos debidos á perda de reprodutores.
- ✓ Retirada e destrución cadáveres.



DEREITOS ▶ Nun pleno o alcalde comprometeuse hai dous meses a buscar solucións que seguen sen chegar

O Concello de Abadín segue a vulnerar os dereitos básicos de Pilar Fernández

Esta muller con mobilidade reducida segue sen poder entrar ou saír da súa casa sen axuda por culpa dunhas obras municipais

A raíz dunha moción do PSOE, este verán celebrouse un pleno en Abadín no que se trataron os abusos que o Concello está a perpetrar contra Pilar Fernández, unha muller con mobilidade reducida que está a sufrir unha barreira arquitectónica erguida por unhas obras municipais hai anos e que o alcalde se nega a solucionar.

O talante autoritario do alcalde, José María López Rancaño, manifestouse unha vez máis ao cortar o debate suspendendo o pleno. Á sesión tamén asistiu a propia Pilar, que estivo apoiada por diversos colectivos entre os que se atopaba o Sindicato Labrego Galego representado pola nosa coordinadora na Terra Chá, Margarida Prieto Ledo.

Nunha xuntanza a porta pechada no despacho da alcaldía, Rancaño prometeu que enviaría un técnico a casa de Pilar esa mesma semana para tentar solucionar o problema. Porén,

dous meses despois non temos noticia de que se adoptase ningún tipo de medida nesa dirección.

Pilar Fernández leva loitando contra o Concello de Abadín dende o ano 2013, despois de que o asfaltado da estrada que pasa diante da súa casa crease un chanzo que a esta muller, que precisa dunha cadeira de rodas para desprazarse, lle fai imposible entrar ou saír sen a axuda doutra persoa.

Pilar ten interposto todo tipo de recursos e queixas, obtendo informes negativos da Valedora do Pobo contra o Concello de Abadín. Ademais, dende o Sindicato Labrego galego levamos a vulneración de dereitos de Pilar Fernández ao Consello Galego de Benestar (CGB) por primeira vez o 20 de marzo de 2019. Tras tres requerimentos da Comisión de Accesibilidade do CGB ao Concello de Abadín sen que este fixese nada por solucionar o problema, o pasado 9 de xullo, o Sindicato Labrego pediu ao Consello de Benestar a apertura dun expediente sancionador contra o Concello de Abadín por reincidir na vulneración de dereitos de Pilar.

EÓLICOS ▶ A construción poñería en xaque a candidatura da Ribeira Sacra para ser Patrimonio da Humanidade

O SLG participa na denuncia dun proxecto de parque eólico en Paradela

Está a ser promovido pola multinacional eléctrica Endesa e afecta especies de aves protexidas e o Camiño de Santiago

O Sindicato Labrego Galego apoiou unha demanda veciñal contra a instalación dun parque eólico en Paradela (Lugo), en plena Ribeira Sacra, que afecta o Camiño de Santiago. O proxecto está promovido pola multinacional eléctrica Endesa e foi denunciado diante da fiscalía, ademais de polo SLG, pola Asociación profesional Ribeira Sacra Rural, Amigos do Camiño de Santiago e o colectivo ornitológico Cegoña Negra. Todos pedimos que se abra una investigación por presuntos delitos de prevaricación e por omisión contra o patrimonio cultural e o medio ambiente.

A denuncia baséase en que o proxecto de parque eólico de

Endesa debería ter contado cunha valoración previa de protección da paisaxe, xa que a zona de construción está na Ribeira Sacra, que opta a ser Patrimonio da Humanidade.

Outro dos argumentos dos colectivos denunciante é que na declaración de impacto ambiental do parque non se fai ningunha referencia á Ruta Xacobeá, a pesares de que os aerogeneradores serán visibles dende a súa principal vía, o Camiño Francés, que conta con especial protección.

A maiores, o parque eólico tamén ameazaría a poboación de dúas aves que hai na zona: a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gatafornele (*Circus cyaneus*). Así, no proxecto presentado non constan medidas de protección da atmosfera nin un plan de seguimento da avifauna, que deberían estar incluídos na declaración de impacto ambiental.



Obras de Endesa para construír o parque eólico en Paradela

MINARÍA ▶ A pesares de que informou negativamente en maio de 2017, o pasado 30 de agosto publicou no DOG a súa aprobación e visto bo ao proxecto de Erimsa

Medio Rural vira de criterio e dá para adiante á explotación mineira en Xanceda

A extracción de seixo afectará 210 hectáreas de terras agrarias nunha bisbarra eminentemente gandeira

O pasado 30 de agosto saíu publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) a concesión de explotación derivada do permiso de investigación de recursos mineiros Xanceda 7138 nos concellos de Frades e Mesía, por un período de trinta anos, proxecto promovido pola multinacional mineira de capital chinés e noruegués Erimsa.

Como xa temos informado no pasado, o proxecto Xanceda 7138 desenvolverase na parroquia homónima do concello de Mesía, collendo tamén un pouco do veciño municipio de Frades, e afectando, finalmente, segundo a resolución de outorgamento da Xunta, un total de 210 hectáreas.

As estimacións feitas polo SLG no pasado indicaban que estaban afectadas por este proxecto 26 granxas, con 90 postos de traballo directos. Porén, tal e como xa temos denunciado con anterioridade, o proxecto de Xanceda só é unha parte mínima da megaexplotación mineira coa que Erimsa quere extraer seixo nas comarcas de Ordes e Compostela. En realidade, Erimsa está a fragmentar un superproxecto e, a Xanceda 7138, habería que engadir Calvente 7136, Andrea 7137, Lamoso 7135 e Marís; en conxunto, estamos a falar ao redor de 6.000 hectáreas afectadas que constitúen a base territorial e alicerce de case dúascentas granxas en activo, o 93% das cales son de produción leiteira, que manteñen medio milleiro empregos directos.



O 19 de setembro houbo unha asemblea informativa en Xanceda convocada pola plataforma Aire, Terra e Auga Limpas na que tamén estivo presente o SLG

Aínda que a empresa argumenta que a explotación mineira dependerá da autorización de cada propietario ou pro-

pietaria, dende o SLG sabemos que a extracción de mineral nas fincas, con independencia de que estean a ser usadas por granxas ou en barbeito, deixa-raas inservibles para usos agrarios no futuro e hipotecará a base territorial para novos proxectos agrogandeiros ou para ampliar e reforzar os existentes.

Ademais, poderíase usurpar base territorial a granxas en activo en contra das actividades extractivas se estas dependen de terras alugadas e a persoa propietaria decide cederllas á mineira. A maiores, cómpre ter en conta o impacto negativo seguro que terán as escavacións e o peneirado da terra explotada nas ficas veciñas ou nos cultivos e no gando que haxa preto das zonas de extracción.

Dun rexeitamento “con rotundidade” ao outorgamento da concesión

Dende o SLG non entendemos o cambio de criterio da Xunta de Galicia, que resulta un despropósito despois dun primeiro informe emitido pola Consellería do Medio Rural, o 1 de maio de 2017, no que se opoñía ao proxecto. Este informe de 2017 era taxativo e nel a Dirección Xeral de Gandería e Agricultura pronunciábase “...en contra do proxecto sinalado, ao considerar que os importantes efectos negativos que se causarían sobre a produción agrogandeira da zona afectarían grandemente aos concellos de Mesía e Frades, por ser esta un piar fundamental da súa actividade económica, social e cultural, manténdose dita afectación negativa no tempo tralo remate das actuacións”. Tralo cal, sentenciaba: “...rexecemos o proxecto con rotundidade e recomendamos que non se permita a realización dos traballos referidos”.

Porén, o informe actual contradí a posición mantida até agora. Este cambio de criterio evidencia a falta de rigorosidade da Consellería de Medio Rural e da Xunta de Galicia, que puxeron por diante os intereses da empresa mineira en

lugar de defender o medio ambiente e a base territorial das granxas.

✓ Compromiso de apoio do SLG á veciñanza

A documentación publicada amosa unha falta de rigorosidade nos organismos que velan polo coidado do medio ambiente e das augas. Ademais, demostra unha lasitude moi grande coas actividades extractivas da empresa, que implican movementos de terra enormes e afectan os ciclos hídricos de amplas zonas do territorio, en contraste coas actividades do día a día das persoas que traballan e viven no entorno, que se atopan cunhas esixencias moito maiores no momento de tramitar autorizacións ou afrontar os controis destes organismos.

Diante de todo isto, dende o SLG comprometémonos a traballar e apoiar a veciñanza destes concellos na oposición a este tipo de explotación que podería comprometer a dispoñibilidade de terras agrarias e o seu uso no futuro nunha parroquia eminentemente gandeira como Xanceda.

CRISE CLIMÁTICA ▶ Pedimos que os gobernos declaren de maneira urxente a situación de emerxencia climática

Medio cento de colectivos da Galiza apoiamos a folga global polo clima

O Sindicato Labrego forma parte do Movemento Galego polo Clima, que convocou unha semana de accións na nosa terra

Na mesma semana que imprimimos este Fouce, o 27 de setembro estaba convocada a primeira folga global contra o cambio climático. Na Galiza, o 18 de setembro presentábase oficialmente, por parte do Movemento Galego polo Clima -que agrupa a máis de 50 organizacións da nosa terra entre as que se atopa o Sindicato Labrego Galego- unha semana de accións reivindicativas previas ao 27S.

Tamén se presentaba o manifesto que apoiamos dende as organizacións e que queremos que entre na axenda das diversas administracións e gobernos, que semella que sempre teñen outras prioridades que atender antes de facer nada para enfrontar esta crise. Precisamente, o manifesto comeza pedindo que se declare de maneira inmediata a emerxencia climática

e que se tomen as medidas concretas necesarias para reducir rapidamente a cero as emisións netas de efecto invernadoiro.

Os últimos informes do IPBES (Plataforma Intergobernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos) alertan de que o aumento da temperatura global provocará o deterioro irreversible de ecosistemas terrestres e mariños e a extinción dun millón de especies, chegando a un punto de non retorno co cambio climático.

No punto de mira, o actual sistema dominante de produción e consumo sería o responsable dunha mudanza *“que pon en risco a nosa supervivencia e impacta de maneira inxusta especialmente nas poboacións máis pobres e vulnerables do mundo. Non responder con suficiente rapidez e contundencia á emerxencia ecolóxica e civilizatoria suporía a morte de millóns de persoas, ademais da extinción irrevogable de especies imprescindibles para a vida na Terra”*.

As organizacións asinantes pedimos no manifesto que se declare *“a emerxencia climática*



Presentación do Movemento Galego polo Clima o 18 de setembro na Librería Couceiro, en Santiago de Compostela

Elena Martín

e se tomen as medidas concretas necesarias para reducir rapidamente a cero as emisións de gases con efecto invernadoiro. E isto só se pode acadar abando-

nando o uso de combustibles fósiles e apostando por unha enerxía 100% renovable”.

Podes ler o manifesto completo en: movementogalegopoloclima.wordpress.com

Un informe da UE prognostica secas máis severas na Galiza

No eido agrícola, coñecemos recentemente un informe da Axencia Europea de Medio Ambiente, dependente da Unión Europea, que advirte de riscos para a agricultura galega por mor das secas máis severas. Este informe afirma con rotundidade que *“a produción agrogandeiro diminuírá e mesmo terá que ser abandonada en partes do sur de Europa e rexións mediterráneas por mor do incremento dos impactos negativos do cambio climático”*.

Aínda que Galiza non será das zonas máis afectadas, que estarán en torno á conca mediterránea, si advirte que deberemos prepararnos para unha maior escaseza de auga. O informe di que *“na área mediterránea en particular, incluíndo a maior parte de Portugal, Galicia en España, o norte de Escandinavia e a Turquía mediterránea, o incremento da severidade das secas será máis pronunciado”*. En concreto, na Galiza, especialmente no suroeste da nosa terra, a perda de humidade estaría entre o 12% e o 24%.

Zimbabue acolleu a conferencia intermedia de La Vía Campesina

Sonia Vidal Lamas, da Executiva do SLG, viaxou o pasado mes de agosto a Zimbabue para participar na Conferencia Intermedia e na Asemblea de Mulleres de La Vía Campesina.

Na Asemblea de Mulleres de Zimbabue, os debates e reflexións colectivas das delegadas de dez rexións con presenza da Vía Campesina no mundo enfocáronse en continuar afofando en cuestións como xéne-

ro, feminismo e patriarcado, nesta ocasión facendo fincapé no contexto africano. Tamén se avaliou o desenvolvemento das accións ao redor do 8 de marzo e comezaron a prepararse actividades para o vindeiro 25 de novembro como parte da campaña da Vía “Basta de violencia contra as mulleres”. Ademais, dentro do plan de acción das mulleres da Vía Campesina, tamén se falou do desenvolvemento



Sonia Vidal, primeira pola dereita, participou na conferencia e na asemblea de mulleres de Zimbabue como membro da Coordinadora Europea da Vía Campesina

mento da primeira Escola Internacional de Formación de Mu-

lleres de La Vía Campesina, prevista para o 2020.



SON LABREG@ ▶ Foi o 21 de setembro en Montecubeiro (Castroverde) coa apoio do concello e A Chave das Noces

O SLG reforza a aposta por un monte diverso no III Festival Son Labreg@

A ampla oferta lúdica, con catro grupos musicais e un DJ, completouse con palestras sobre montes veciñais e ecofeminismo

As Mocidades do Sindicato Labrego Galego organizaron e celebraron, o 21 de setembro, a terceira edición do Festival Son Labreg@ que, nesta ocasión, elixiu a parroquia de Montecubeiro (Castroverde, Lugo) como lugar para desenvolver todas as súas actividades. Desta vez, contouse coa colaboración do Concello de Castroverde e do centro social A Chave das Noces, ademais do apoio económico de máis de vinte patrocinadoras.

Baixo o título de “Ecofeminismo e monte comunal”, o programa comezou xa de mañá cunha intensa palestra, seguida de debate co público, sobre “Alternativas produtivas do noso monte”. Abriu este espazo o coordinador da área de Montes do SLG, **Diego Sánchez Agra**, quen fixo unha breve comparativa do

uso tradicional do monte, que estaba totalmente integrado no sistema agrario e mantiña diversas producións -gandería, castaña, toxo para estrume, cultivo de cereais, pedra, lousa, madeira, cogomelos, etc.-; co uso moderno que se basea no monocultivo de piñeiro e eucalipto e que xera abandono e lumes forestais.

Precisamente, fronte a este modelo de explotación empobrecedora e degradante do monte, presentáronse na palestra varias experiencias exitosas de xestión, como a das comunidades de montes de **Carballo** (Friol) e **Froxán** (Lousame), a cría de gando caprino en Guntín con **Cabuxa Natur**, as cooperativas Ribeira do Navia e **Ribeiregas** en Ernes (Negueira de Muñiz) ou **Amarelante** (Manzaneda).

Xa pola tarde, tralo campionato de **billarda** e a actuación de **Anxo Moure** para a rapazada, ás 18:00 horas presentouse o libro **Árbores que non arden: as mulleres na preven-**



Reflexión e lecer combináronse a partes iguais no Son Labreg@. De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: actuación de Trasdallomba na sesión vermú, campionato de billarda e palestra con experiencias de xestión sostible e diversa do monte

ción dos incendios forestais (ver páxina seguinte). Trátase dunha iniciativa impulsada desde o Proxecto Batefogo que, nesta ocasión, representaron **Paula Lubián** e **Celsa González Ogando**. Tamén faláron **Isabel Vilalba** e **María Ferreiro**, que participaron coa redacción dun capítulo do libro; e a historiadora **Lara Barros**, que falou do papel das mulleres na xestión dos montes comunais e o seu papel protagonista nas loitas pola defensa das propiedades veciñais durante o proceso de usurpación executado pola ditadura franquista.

Como non podía ser doutro xeito, o Festival Son Labrego

tivo unha ampla oferta lúdica, na que destacou un amplo cartel musical, coa actuación na sesión vermú do grupo de música tradicional **Trasdallomba**. No serán, houbo foliada co grupo **Amigos do Caldeiro** e, xa pola noite, as actuacións de **Sacha na Horta** e **Tecor Societario**, animando a recta final da festa o **DJ Sapoconcho sem poncho**. Tamén houbo un obradoiro no que se ensinou a elaborar pan con fariña obtida de landras, a cargo de **Xosé Martínez**, e a tradicional **feira** con diversos postos de artesanía e de colectivos e organizacións sociais.

No seguinte Fouce trataremos a fondo os contidos das palestras do III Son Labreg@



Presentación do proxecto Árbores que non arden no III Festival Son Labreg@, n'A Chave das Noces, en Castroverde

MULLERES E MONTE ▶ *Árbores que non arden...* será posible grazas ás achegas voluntarias recadadas nunha campaña de crowdfunding

Un libro colectivo aborda o problema dos lumes con perspectiva de xénero

O Sindicato Labrego Galego colabora neste proxecto cun texto escrito por Isabel Vilalba Seivane e María Ferreiro Santos

O equipo de traballo que dá vida ao Proxecto Batefogo fixo, ao longo do verán, unha campaña de recadación de fondos en Goteo.org (crowdfunding) para financiar a publicación do libro colectivo «*Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais*».

En palabra das organizadoras, trátase dunha “publicación que reúne experiencias do activismo e o traballo diario, textos divulgativos e académicos, recursos didácticos, ilustración e poesía para dar o coñecer o papel das mulleres na prevención dos lumes e a xestión dos montes e do territorio en Galicia e Portugal. Como proxecto colectivo, participan Batefogo na concepción e documentación, diversas autoras nos textos, Cestola na Cachola na ilustración e Catro Ventos na edición”.

A gran novidade desta iniciativa é que incorpora o xénero como tema transversal ao estudo da problemática dos incendios en Galicia. Felizmente, a iniciativa acadou o seu obxectivo, recadando 6.326 € a través de 220 doazóns. Así, a previsión é que o libro impreso vexa a luz en outubro deste mesmo ano.

✓ Visión multidisciplinar e feminina

A voz das labregas tamén se deixará escoitar nestas páxinas no capítulo 4, «Labregas e gandeiras; pasado, presente e futuro do rural», escrito polas compañeiras **María Ferreiro** e **Isabel Vilalba**. Previamente, o capítulo terceiro, «Montes veciñais, mulleres e un ecofeminismo posible», é unha achega de **Lara Barros**, que fora coordinadora do SLG en comarcas como Compostela, a Costa da Morte, Santa Comba ou Carballo e que, na actualidade, dá vida ao proxecto Mulime de investigación histórica, recuperación da memoria e dinamiza-

ción comunitaria, dirixido a comunidades de montes veciñais en man común.

Nesta visión feminina e multidisciplinar do monte, tamén colaboraron **Ana Cabana**, doutora en Historia pola USC; **Beatriz Rodríguez**, enxeñeira de Montes pola Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo; **María Novas** e **Sofía Paleo**, arquitectas e impulsoras de Dexénero; **Rosa Mosquera**, doutora en Ciencias Biolóxicas e profesora do departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo; **Lola Ferreiro**, licenciada en Medicina e Cirurxía pola USC; e **Conceição Colaço**, investigadora do Centro de Ecología Aplicada Baeta Neves (CEABN/InBIO) no Instituto Superior de Agronomía da Universidade de Lisboa.

Na parte máis artística, o libro inclúe poemas de **Andrea Nunes** e **Celsa González Ogando**, e unha ilustración de **Xoana Almar**, de Cestola na Cachola.

FORMACIÓN ▶ Será en Arzúa, Betanzos e Moeche

Arabías inicia unha nova tempada de Espadela, a escola de apoderamento de mulleres no rural

A escola de apoderamento de mulleres do rural Espadela, que organiza a Cooperativa Arabías, vai comezar a súa segunda edición neste mes de setembro. Como xa aconteceu no curso pasado, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego colaborará con esta iniciativa.

Desta vez, as aulas desenvolveranse nos concellos de Arzúa, Betanzos e Moeche, durarán un total de 20 horas que se dividirán en tres liñas formativas:

▶ **Con voz propia:** Obradoiro para traballar arredor da autoestima, participación, liderado e prevención de violencia machista. Este espazo formativo busca a conexión cun marco de interpretación feminista da realidade cotiá. Abórdase o recoñecemento persoal das mulleres como suxeitos de dereitos políticos, sociais e civís a través dunha aproximación ao seu exercicio no marco do asociacionismo así como aos liderados femininos. Serán catro sesións de dúas horas cada unha.

▶ **Enredad@s:** Obradoiro para traballar arredor das novas tecnoloxías. Este espazo formativo aborda unha aproximación a posibilidades que ofrece Internet e as redes sociais traballando o manexo práctico de dispositivos móbiles que facilitan a comunicación e o traballo en rede. Catro sesións de dúas horas.

▶ **Habitando o noso corpo:** Obradoiro para traballar arredor do autocoñecemento, o autocoidado e a expresión emocional. Utilizaranse ferramentas da biodanza, da atención plena e do ioga integral como medios para chegar a esta conexión sempre dende o disfrute e o autocoidado. En total, serán dúas sesións de dúas horas.

Axudas para apoiar o alugamento de vivenda

Axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, para facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos.

Hai dúas liñas de axudas: unha para menores de 35 anos (unha axuda do 50% da renda mensual) e outra para o resto (40% da renda

mensual, e do 50% se a persoa solicitante ten 65 anos). Para poder solicitar, hai que cumprir baremos relacionados co nivel de renda, entre outros. As axudas duran tres anos e, en caso de ser concedidas, hai que solicitar a renovación cada ano.

Máis información nas oficinas do Sindicato Labrego Galego. Prazo de solicitude: **12 de outubro**.

Ampliación de prazos en diversas axudas agrarias

Axudas a **investimentos nas explotacións**, creación de **empresas de agricultoras moz@s** e creación de **empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións**: Prazo para presentar a licenza municipal e outros permisos administrativos até o **15 de outubro** de 2019, inclusive.

Axudas para o fomento da **utilización de instalacións e equipamen-**

tos en común en réxime asociativo: O prazo para presentar a licenza municipal e outros permisos administrativos amplíase até o **20 de outubro**, inclusive.

Axudas para o fomento da utilización de **maquinaria agrícola en réxime asociativo**: Amplíase até o **20 de decembro** de 2019 o prazo de execución e xustificación destas axudas.



Xornadas: Ferramentas innovadoras para unha economía rural con mulleres

27 setembro
GUITIRIZ

2 outubro
BETANZOS

11 outubro
A ESTRADA

16 outubro
CHANTADA

Se estás interesada, infórmate no teu local de referencia!

16 de outubro: MANIFESTACIÓN EN MADRID EN DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS

A Coordinadora das Persoas Maiores do Sindicato Labrego Galego apoia a manifestación convocada na Galiza polo Movemento en Defensa das Pensións (Modepen). A manifestación será en Madrid, o 16 de outubro, e sairán autobuses dende as principais cidades galegas. Dende a Coordinadora das Persoas Maiores, animámoste a participar, xa que está en xogo o sistema público de pensións do que depende que teñamos unha xubilación digna tras toda unha vida de traballo.



PARTICIPA!
O 16 DE OUTUBRO
TOD@S A MADRID!

Podes solicitar máis información ou inscribirte chamando ao **628 206 755** (Miguel)

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva.
-Grade de discos de 16x24.
☎ 630 561 310 (Friol).

Véndese

-Autocargador Galagri semi-novo, por falta de uso.
☎ 606 739 438

Véndese

-Citroën Xsara HDI, 90 CV.
☎ 659 993 345 (Xoán).

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 Km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo.
☎ 654 821 626

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado).
☎ 619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 Km.
☎ 692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado.
☎ 605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica.
-Tanque de leite Japy. 1.200 litros, monofásico.
☎ 690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Autocargador Marangón de 13 coitelas.
-Angazo xuntador Kunh.
-Estendedor de silo.
-Desensiladora BVL de dobre coitela.
-Rolos de silo e herba seca.
☎ 689 552 293 (Guntín)

Véndese

-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleto.
-Picador Pottinger con rotores e 32 coitelas.
-Rotativa Pottinger de 3.80 de corte.
-Angazo de 6 campás Kuhn.
-Aboadora 2.000 kg Amazzone.
-Aboadora 500 kg (propia para sementeira de herba) marca Vicon.
-Tractor Barreiros moi antigo, especial para coleccionistas.
-Seat Ibiza.
Por peche de explotación en Friol (Lugo)
☎ 982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Autocargador con rotativa MORRA, en bo estado.
-Tanque bañeira de frío de 1.000 litros, de aceiro inoxidable e baixo consumo.
-Sala de muxido con tres puntos e lavado automático.
☎ 981 781 879 / 636 650 908

Véndese

-Leña para biomasa.
☎ 670 895 789

Véndese

-Rotativa 180 Morra
-Autocargador Deutz Fahr K560.
☎ 627 936 604 (En Oroso)

Véndese

-Herba seca en rolos.
-Alpacas pequenas.
☎ 619 267 520

Véndese

-Plastificadora.
-Rotativa.
-Empacadora.
-Tanque de leite de 1.000 l.
-Remolque.
-Batedor de xurros. e un
-Circuito de muxido de catro puntos.
☎ 669 836 716

Véndese

-Silo de 5.000 Kg dividido. Leva moito tempo parado. O funil ten un anaco podre: 300 €
-Poldro para mirar os pés, con cintas en perfecto estado: 200 €
-Depósito de gasóleo de 1.000 litros: 50 €
-Plataforma para coches sen documentación: 700 €
-Rolos de herba seca do ano 2019: 25 €
-Rolos de silo de herba seca do ano 2019: 35 €
-Alpacas de herba seca pequenas do ano 2019: 3 €
-Sala de muxido MIELE de 4 puntos, pulsadores optiplus, bomba de 1.200, medidores de cristal de 33 Kg. Todo en perfecto estado: 4.000 €
-Pataca branca Kenebec, perfecta tanto para fritir como cocer: 0'50 € / kilo.
-Segadora Fella 208. Nova. 5 discos: 4.000 €
En Cambre (A Coruña).
☎ 667 925 467 (Verónica)

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras.
-Rolos de silo desta campaña.
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎ 689 601 768 (Emilio). Chamar a partir das 15:00 h.

Véndese

-Boi de 4 anos, grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎ 600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar.
-Muíño eléctrico.
No Corgo (Lugo).
☎ 648 718 864 (Manuel)

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Na zona de Corme (Ponte-ceso).
☎ 659 932 481

Véndese

-Vacas frisoas por peche de explotación. Boa xenética e boa produción.
☎ 722 763 880

Véndese

-Empacadora Massey Ferguson 124E.
☎ 629 851 614

Véndese

-Pequeno rabaño de ovellas do país e cabalo. En Tordoia
☎ 634 627 875

Véndese

-Enruladora barata.
-Silo de herba.
☎ 981 446 501 e 644 791 378

Véndese

-Becerros Limousin, en Lugo.
☎ 685 884 257

Véndese

-Sementadora de millo Monosem, modelo PNU, pneumática, de 4 regos con aboadores incorporados. En bo uso.
-Remolque agrícola, con volquete e freo hidráulico. Medidas da caixa: 1'70 x 3 metros
☎ 982 170 040 / 646 417 298

Véndese

-Motocultor con fresa e arado seminovos, practicamente sen uso. Marca Roteco.
☎ 634 409 255

Véndese / Alégase

-Granxa avícola a 27 Km de Compostela. 1.200 m², con capacidade de ata 18.000 polos. Dispón tamén de finca anexa.
☎ 634 409 255

Véndese

-Bolos de silo (50 unidades).
-Moega de penso de 5.000 quilos.
-Autocargador rotativo, con documentación e en bo estado.
☎ 660 515 344

Véndese

-Cisterna de 8.000 litros con brazo de carga e cualleras.
☎ 630 173 463 (Alberto).

Véndese

-Angazo estendedor Pottinger 520.
-Circuíto de muxido Gascoigne de 5 puntos.
-Tanque de leite de 650 litros, monofásico para 2 muxidos.
-Calleiros mod. carrete.
-Elevador vacún.
-Estendedor de silo.
En Guntín (Lugo). Por cese de actividade. Preguntar por Xosé.
☎ 982 320 206 / 686 811 992

OUTROS

Alégase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboledo (Frades). Dispón de roda-deira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente.
☎ 628 829 199

Regálase

-Silo metálico especial para serraduras. Na comarca do Deza.
☎ 620 262 786 (Pili)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Asesoría para mulleres do rural

PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES



TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES



016

Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Aínda que Charo Arredondo é a actual presidenta da Interprofesional Láctea (Inlac), diante de todo é gandeira. O oficio venlle de pai e nai e, en La Revilla, no concello cántabro de Soba, segue a rexentar a granxa familiar xunto co xenro e a filla. Cando comezou, La Revilla contaba con 23 granxas. Hoxe quedan tres e dúas delas a piques de pechar por falla de relevo. Por iso, aínda que falemos longo da Inlac, a conversa sempre deriva cara a dor que leva unha dentro vendo como esmorece o mundo rural.

“Poderíamos vivir ben se nos pagasen un prezo xusto, non a base de axudas”

✓ **Comezamos pola pregunta do millón: Para que serve a Inlac?**

Levo catorce anos na Inlac en representación de COAG e, até este ano, case non lle vía beneficios, até o punto de que algún gandeiro me ten preguntado que faciamos e non sabía que responder. Agora que puiden afondar máis, sei mellor o que se está a facer cos cartos que se xestionan, como os recadados pola extensión de norma que nos cobran ás granxas.

✓ **E en que se gastan?**

Por exemplo, este ano o 77% do diñeiro da Inlac destínase a campañas de publicidade e promoción do consumo de leite para contrarrestar a irrupción das bebidas vexetais. Tamén se farán campañas en escolas para favorecer ese consumo e para dar a coñecer a enorme riqueza de queixos que temos en España.

✓ **Entón a Inlac fai basicamente un traballo de promoción?**

E de recadación. Moitos dos esforzos da Inlac consúmense na recadación dos fondos que lle corresponden, xa que a veces temos que preitear nos xulgados contra industrias que non queren pagar o que lles toca. Tamén é un bo foro de diálogo entre os axentes do sector, agás a distribución, que non está representada, para atopar puntos de encontro en diversos temas.

✓ **Que temas?**

Por exemplo, agora estamos debatendo sobre a posibilidade de establecer un tipo de leite como referencia. As industrias queren leite á carta, cuns índices determinados de graxa, proteína, etc. Pero as vacas non son

unha pota na que ti botas ingredientes e cociñas o que queres. Por iso sería importante acadar unhas referencias de base para o leite e, a partir de aí, as industrias que queiran algo diferente que paguen por esa diferenza.

✓ **Por que a Inlac non asume tarefas como debater sobre prezos ou realizar estudos sobre os custes de produción?**

Basicamente, porque non nos deixa o Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

✓ **Como gandeira cántabra que es, que opinión che merece que Galiza e Cantabria sexan as comunidades nas que o prezo medio do leite é o máis baixo de España?**

Vólveme tola que sexan, precisamente, as comunidades de maior produción e as que teñen as mellores condicións para producir leite nas que se pague menos o leite. Non sei se será que as industrias se aproveitan de que en moitas zonas rurais, como na que vivo eu, non se pode facer outra cousa máis que producir leite, porque se nas nosas terras puidésemos desenvolver outras producións agrarias alternativas e puidésemos cambiar, igual nos pagaban máis para seguir producindo.

✓ **Pódese facer algo dende a Inlac para reverter esta tendencia?**

Aínda que existen contratos, é a industria a que acaba impondo. As granxas non temos poder de negociación. A industria sempre pon como escusa que son as distribuidoras as que non pagan máis e que se teñen que pregar aos prezos que elas imponen. Creo

que para solucionar isto vai ser necesario sentarnos a falar todos os axentes: granxas, cooperativas, industrias, distribuidoras, e creo que tamén a administración, que ten moito que dicir.

✓ **Pero a administración, coa creación das OPLs, elude toda responsabilidade.**

Os gobernos deben ser conscientes de que o vacún de leite é o sector que realmente mantén vivas as zonas rurais. Noutros sectores, os labregos e labregas poden vivir na vila e vir só á granxa para traballar; pero producir leite esixe que atendas a granxa mañá e tarde os 365 días do ano. Por iso, o vacún de leite é o sector que máis fixa poboación no rural. Se queremos loitar contra a España baleira, a única solución é que a cadea de valor do leite se forme de abaixo cara a arriba atendendo cuestións como os custes de produción. Non podemos seguir como agora, que os prezos se forman de arriba cara a abaixo.

✓ **Que outras tarefas lle poñerías á clase política?**

Paréceme importantísima a de garantir o relevo xeracional nas granxas que, obviamente, tamén está ligado á cuestión dos prezos. Se lle damos miles de euros de subvención a un mozo ou unha moza para que se incorpore, pero despois a súa actividade non lle garante uns ingresos dignos para vivir, para que se vai incorporar?

No rural poderíamos vivir ben se nos pagasen un prezo xusto polo leite, non a base de subvencións. As subvencións son un engano. Coñezo moitos mozos e mozas que quedarían de moi boa gana á fronte da granxa familiar, por vocación, pero ven a seus pais e ás súas nais toda a vida hipotecados, que non gañan nada e sempre a costa dun grande sacrificio, traballando tanto oito horas diarias como catorce, para que o traballo non sexa rendible. Nessas condicións ninguén quere quedar no campo.

